



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es


Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data dezaioito de outubro de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<



Decreto: 466 / 2016

Data decreto: 18/10/2016

Descrición decreto: Nomeamento auxiliar de clínica para Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto Aprot Rural 2016.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto a baixa por IT da auxiliar de clínica da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto Cristina Lareo Varela con rexistro de entrada núm. 2343 de data 18/10/2016.

Vista a bolsa de traballo formada cos/as candidatos/as que obtiveron alomenos 5 puntos segundo a puntuación na baremación de méritos e fase de oposición decreto núm. 451/2016 de data 11/10/2016, en cuxa situación actual temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación e tendo en conta os escritos presentados por cada unha das candidatas que forman parte da mesma:

- Dna. M^a Angeles Aguión Sanda con DNI núm. 78793954W con entrada nº 2344 en data 18/10/2016 no que acredita que se atopa traballando

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como auxiliar de clínica a M^a Carmen Amarelle Calviño con DNI nº 79315484F.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación pola interesada de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separada do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Facer pública por certificado deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da bolsa de traballo de auxiliar de clínica Aprot Rural 2016 que queda tal como segue tras a nova contratación de M^a Carmen Amarelle Calviño:

- 1.- M^a Angeles Aguión Sanda (non contratada, atópase traballando)
- 2.- M^a Carmen Amarelle Calviño (contratada)
- 3.- Raquel Lareo Varela



TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 19/10/2016.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto dezaioito de outubro de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 18 de outubro de 2016

V^o Pr.
A Alcaldesa



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

